

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xaneiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Rosendo Luis Fernández Fernández	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de xaneiro de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
DEPUTADOS/AS:	
D. ^a Montserrat Lama Novoa	
D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas	
D. ^a Isabel Gil Álvarez	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. Adolfo González Nóvoa	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTOR:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE XANEIRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de decembro de 2017, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Adolfo González Novoa, do Grupo Socialista, formula un rogo en relación co nomeamento do director da Área de Transparencia, sinalando que cre que sería bo que asistise a esta comisión, para explicar cales serán as súas liñas de traballo. En concreto formula un rogo para que os directores de área da Deputación comparezan ante as comisións correspondentes dúas veces ao ano, co fin de informar sobre a xestión realizada.

En segundo lugar formula unha serie de preguntas sobre o Programa de cooperación en materia de administración electrónica, e, en concreto, pregunta cantos concellos se adheriron, cantos se deron de baixa ao día da data e cal vai ser o calendario de implantación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que no ano 2016 dimitiu o Comité de Ética da Deputación e que a estas alturas, en 2018, non hai constancia de que se vaia constituír de novo. Pregunta se está previsto retomar este asunto e constituír de novo este órgano.

Por outra parte, manifesta que esta debe ser xa a décima vez que se reúne esta comisión sen ningún asunto para tratar na orde do día, o que considera que non é de recibo, e pide que, se continúa así a situación, se suprima esta comisión por innecesaria.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.